



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Bullos (Coirós e Oza dos Ríos, A Coruña), promovido por ESTELA EÓLICA, S.L. clave 2011/0093,

## EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento de inicio*" non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 10 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Iberolacerta monticola*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*).

## SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Pena do Corvo (Coirós e Oza dos Ríos, A Coruña), promovido por ESTELA EÓLICA, S.L. clave 2011/0094, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe os efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Pena do Corvo, do mesmo promotor e co compartirá subestación, tamén en trámite de Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental (clave 2011/0094).
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Iberolacerta monticola*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata* e *quirópteros*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011